

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinabetanzos.org; [blog: http://qdr29.blogspot.com/](http://blog://qdr29.blogspot.com/); info@marinabetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 12 DE ABRIL DE 2010.

En Bergondo, a 12 de abril de 2010, no Centro Sociocultural de A Senra (Cruz do Sar, s/n - Bergondo) sendo as 19.00 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- o D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo*, (Sindicato Labrego Galego).
- o Dna. Pura Ferreño Saia, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- o José Manuel Amigo Santos, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- o Dna. Cruz Fernández González, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller).
- o D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións Xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- o D. Fernando R. Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- o D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- o Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas).
- o D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- o Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo)
- o D. Edmundo Varela Lema, en representación da mesa do sector institucional (COETICOR)
- o D. Xosé Uxio Rey Fernández, en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña), acompañado por D. Xoan M. Álvarez Llana, Vicepresidente do Colexio.
- o D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- o D. Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. Jorge M. Blanco Ballón, Xerente Programa LEADER 2007-2013. Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”.

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta xunta directiva do día 08/03/2010 (**Xúntase acta como anexo**).

2. INFORME DE NOVIDADES

2.1. Charlas divulgativas do Programa LEADER, mantidas nos Concellos durante o mes de marzo.

Dentro do Plan deseñado de Difusión do Programa LEADER 2007-2013 **cuxo obxectivo principal e dar a coñecer o Programa LEADER tanto á poboación en xeral como ós potenciais beneficiarios de axudas**, está previsto manter xuntanzas con colectivos, organizacións, grupos de veciños, profesionais vinculados ó desenvolvemento do territorio, así como outros colectivos de interese, potenciais beneficiarios desta liña de axuda ao desenvolvemento rural, para coñecer cómo se poden solicitar estas axudas.

Por todo isto, dende o ADR “Mariñas – Betanzos” organízanse xornadas informativas dirixidas ás MICROPEMES, PEMES, asociacións de veciños, culturais,..., ONG´s, socios e os representantes do tecido socioeconómicos dos diferentes concellos.

Infórmase á Xunta Directiva que no mes de marzo desenvolvéronse charlas informando do Programa LEADER nos seguintes concellos:

- 10/03/2010 Concello de Carral.
- 30/03/2010 Concello de Irixoa.

Informase tamén, que próximamente está previsto convocar á Mesa Sectorial de Mulleres.

2.2. Informe “Campana de reciclaxe de móbiles para protexer os ecosistemas africanos”.

O **Instituto Jane Goodall** ten unha campaña para a recuperación e reciclaxe de móbiles para así contribuír a reducir a demanda dos seus compoñentes e os problemas ambientais que ocasiona, reutilizar elementos útiles e tratar adecuadamente os materiais tóxicos e a recadar fondos para os programas de educación e conservación no Congo, como o seu Centro de Recuperación de Chimpancés de Tchimpounga, dirixido pola veterinaria galega Rebeca Atencia.

CEIDA a Obra Social de Caixa Galicia están a colaborar co Instituto Jane Goodall nesta campaña no ámbito de Galicia, por tal motivo están a convidar tamén a outros axentes a sumarse a esta campaña establecendo puntos de recollida de móbiles e divulgando a campaña.

“Mariñas – Betanzos”, colabora nesta campaña cun punto de recollida de móbiles na súa sede, ó mesmo tempo que está a divulgar a campaña entre os seus colectivos.

A Xunta Directiva acorda que dende a Asociación Mariñas – Betanzos se envíe información ás entidades interesadas de como inscribirse nesta campaña e poder dispoñer dun punto de recollida autorizado. As entidades interesadas son: Concello de Culleredo, Concello de Paderne, Asociación Cultura Aberta de Carral e Asociación de Empresarios de Culleredo.

2.3. Proposta de participación na campaña “Vive o Mandeo”, dentro do Programa MANDEO.

Dentro do “Proxecto Mandeo, posta en valor das cuncas fluviais 2008-2011”, a Deputación Provincial da Coruña ten en marcha unha campaña sensibilizadora da importancia do coidado do río que inclúe a “adopción” de tramos do río para a súa custodia e conservación, así como para a participación en actividades formativas relacionadas coa calidade da auga e en actos de carácter lúdico. Para poder participar nesta campaña, deberá presentarse xunto co formulario de inscrición un acordo de Xunta Directiva, que recolla o interese de participar na campaña, “adoptando” un tramo do río; ó mesmo tempo haberá que designar un representante que actúe como persoa de contacto cos organizadores da Campaña.

Máis información: http://www.dicoruna.es/editorupload/File/Planes/feder/BASES-CAMPANA_VIVE_O_MANDEO.pdf

A Xunta Directiva acorda que se fagan os trámites de inscrición, nomeando como representante para que actúe como persoa de contacto cos organizadores da campaña a Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de Infraestruturas do Concello de Betanzos.

2.4. Proposta convenio entre o GDR “Mariñas – Betanzos” e o Concello de Abegondo, para que este último preste servizos de asistencia informática co seu persoal.

Solicítase autorización á Xunta Directiva para que o Vicepresidente da Asociación Mariñas – Betanzos asine un convenio co Concello de Abegondo, coa finalidade de cubrir as necesidades de mantemento informático do equipo de xestión do Programa LEADER, buscando deste xeito minimizar estes costes e mellorar o servizo.

A Xunta Directiva acorda que se realicen os trámites oportunos para formalizar dito convenio co Concello de Abegondo, autorizando ó vicepresidente para a súa sinatura.

2.5. Proposta e aprobación se procede de adhesión de novos socios e adscrición á mesa sectorial correspondente.

2.5.1. ASOCIACIÓN CULTURAL A FULIADA

Con data 26 de marzo de 2010 ten entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” solicitude da Asociación Cultural A Fuliada de Betanzos, entidade constituída en febreiro do 2009, e que actualmente ten 28 asociados, para adherirse como entidade asociada.

Os fins principais desta Asociación con domicilio social en Betanzos, son fomentar, investigar e conservar o folklora tradicional galego e motivar á xuventude na cultura tradicional galega.

As actividades que realiza esta Asociación, entre outras son: roteiros culturais e gastronómicos; conferencias e charlas sobre o folklora galego; xuntanzas e festas tradicionais e reunións periódicas para cantar e tocar (foliadas).

Se comproba que ten entregada toda a documentación requirida e que está en regra.

A Xunta Directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”, acorda admitir a esta entidade como socia, incluíndoa na mesa sectorial de ASOCIACIÓNS CULTURAIS, RECREATIVA, ANPAS, DEPORTIVAS, DE VECIÑOS, considerando que os obxectivos desta entidade coinciden cos do Grupo de Desenvolvemento Rural.

3. SEGUIMIENTO CANDIDATURA RESERVA DA BIOSFERA

3.1. Proposta celebración Xornadas da Biosfera no mes de maio.

Durante o pasado mes se ten seguido traballando na recollida de documentación sobre os espazos ambientais e se ten solicitado informe ó IBADER sobre impactos dunha declaración de Reserva de Biosfera sobre as actividades económicas.

No proceso de elaboración desta Candidatura á Reserva de Biosfera do territorio destes tres GDRs débese primar a implicación e a participación activa dos distintos axentes locais (concellos, colectivos sociais, ambientais e culturais, xóvenes e mulleres, empresariado, etc.), así como na elaboración da propia candidatura.

Por elo, e para poder lanzar públicamente este proxecto e animar a todos os axentes locais a sumarse a él, se plantexa organizar unhas Xornadas de intercambio de experiencias con outros territorios xa amparados como Reservas da Biosfera, persoal da Consellería de Medioambiente, etc.

O obxectivo final destas xornadas sería trasladar ós distintos axentes do territorio, unha maior información sobre o proceso e os obxectivos, ó tempo que trasladar a mensaxe de que é posible conxugar o desenvolvemento económico co ambiental.

Por tal motivo, propónse á Xunta Directiva que dende a Asociación “Mariñas – Betanzos” se organicen no Centro Sociocultural da Senra para finais do mes de maio (días 27 e 28) unhas xornadas de dous días que levaran por título “As reservas da Biosfera: unha oportunidade de desenvolvemento sostible”.

A Xunta Directiva acorda, co obxecto de que poida asistir o maior número de persoas interesadas que as xornadas se celebren o venres día 28 e o sábado día 29 de maio en horario de mañá e tarde, e que para realizar estas xornadas se solicite un expediente a través da medida 431-B, cun orzamento aproximado de 15.000 euros.

4. INFORME PRÓXIMA CONVOCATORIA PROXECTOS DE COOPERACIÓN DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO 2010.

Con data 11 de marzo de 2010 ten saído publicado no BOE (número 61) a Resolución de 26 de febreiro de 2010, da Secretaría de Estado de “Medio Rural y Agua”, pola que se convoca para o exercicio 2010, a concesión de subvencións a proxectos de cooperación interterritorial e transnacional, no marco da Rede Rural Nacional.

O prazo de presentación de solicitudes ten rematado o día 10 de abril de 2010. Se informa que o GDR “Mariñas – Betanzos” participa no seguinte proxecto como impulsor e coordinador:

4.1. PROXECTO “RED DE ESPACIOS AMBIENTALMENTE COMPETITIVOS” (REDEAC II)

Se busca con este proxecto poñer en marcha as actuacións identificadas na primeira Fase do proxecto, executada durante o ano 2009, e na que participaron 13 Grupos de desenvolvemento rural, así como “acompañar” os procesos de desenvolvemento sostible do territorio no eido ds producións agroindustriais e o turismo, apoiándose na imaxe ambiental.

Participan no proxecto sete territorios que son Reserva da Biosfera, así como outros catro territorios que teñen os procesos de Candidatura en marcha, incorporando novos socios.

Objetivos generales y específicos:

OBJETIVO GENERAL: Utilizar la figura Reserva de Biosfera para avanzar en el desarrollo sostenible de los territorios implicados, mediante actuaciones que encadenen medioambiente, productos agroalimentarios y servicios turísticos asociados.

Objetivos específicos:

- I. Promover las economías de calidad, a través de la valorización de los productos agroalimentarios y artesanales ligados a los territorios participantes.
- II. Impulsar el turismo sostenible como herramienta para la diversificación económica, utilizando las metodologías del “Club de Producto Turístico Reservas de Biosfera” y la “Carta Europea de Turismo Sostenible”.
- III. Animar y fomentar la participación de los agentes locales en el cuidado del patrimonio natural.

- IV. Acompañar la puesta en marcha de la Directiva Marco del Agua, animando la participación en los Planes de cuenca.
- V. Mejorar la capacitación ambiental en el conjunto de los territorios y fortalecer la gobernanza local.
- VI. Consolidar la cooperación a través de la Red de Espacios Ambientalmente Competitivos, conectando el conjunto de territorios asociados a la Red Española de Reservas de Biosfera, para difundir y asimilar buenas prácticas en desarrollo sostenible.

ACCIONES:

FASE I.- FASE DE ASISTENCIA TÉCNICA (2010). ACCIONES PREPARATORIAS.

LANZAMIENTO Y DIFUSIÓN DEL PROYECTO.

- 1) Elaboración de material promocional de lanzamiento.
- 2) Realización de Jornadas para la presentación del proyecto en los territorios implicados.
- 3) Difusión en prensa.

FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E INVESTIGACIÓN.

- 4) Plan de formación – capacitación y sensibilización dirigido a la población local, técnicos, colectivos participantes y Grupos asociados.
- 5) Elaboración de un diagnóstico de necesidades y definición de líneas de investigación aplicada, orientadas al desarrollo sostenible de los territorios implicados.
- 6) Recopilación de condicionantes legales y realización de una guía sobre el procedimiento de solicitud y declaración de Marcas de Calidad o Garantía.
- 7) Identificación y creación de una base de datos de empresas de servicios y recursos turísticos en los territorios implicados.

FASE II.- FASE DE EJECUCIÓN (2011-2012)

TURISMO SOSTENIBLE Y MEJORA DE LAS PRODUCCIONES AGROINDUSTRIALES

- 8) Planes de mejora de la imagen comercial de los productos agrarios de los territorios asociados.
- 9) Implantación de la metodología del “Club de Producto Reserva de la Biosfera” y “Carta Europea de Turismo Sostenible” en los territorios asociados.
- 10) Animación para la constitución de una asociación intersectorial en cada territorio implicado.
- 11) Desarrollo de pliego de condiciones para el diseño de una Marca para los productos agroalimentarios y artesanales en cada uno de los territorios implicados.
- 12) Diseño y realización de la imagen de Marca.
- 13) Lanzamiento y presentación de las producciones amparadas por esta Marca.
Se realizará una jornada de lanzamiento en cada territorio o Reserva de Biosfera, presentando los productos amparados por estas marcas y la imagen de las mismas. Esta información estará disponible en la página del proyecto www.redeac.org.

ANIMACIÓN, FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN Y CAPACITACIÓN AMBIENTAL

- 14) Realización de jornadas de formación, sensibilización y capacitación dirigidas a técnicos, gestores de Reservas de Biosfera, población local y a los distintos agentes de los territorios implicados.

ANIMAR LA PARTICIPACIÓN DE LA POBLACIÓN, EL REFUERZO DE LA IDENTIDAD TERRITORIAL Y LA POTENCIACIÓN DE LOS ESPACIOS NATURALES

- 15) Animar y difundir los procesos de “Custodia del Territorio” en las comunidades autónomas participantes.
- 16) Puesta en marcha de un concurso de fotografía dirigido a la población en general, con el fin de promocionar los territorios implicados y su patrimonio natural, cultural y etnográfico.
- 17) Puesta en marcha de un concurso de documentales y otro de cortos de ficción sobre los espacios de mayor interés de los territorios participantes.
- 18) Aplicar la metodología Web 2.0 para facilitar la participación de la población en la gestión ambiental de los territorios, sean o no Reservas de la Biosfera.
- 19) Jornadas de la Mesa del Agua
- 20) Implantación de programas de voluntariado ambiental en ríos.

COOPERACIÓN Y TRANSFERIBILIDAD DE LOS RESULTADOS DEL PROYECTO

- 21) Edición de una publicación periódica sobre los territorios e información en la web.
- 22) Realización de una publicación final con los resultados del proyecto.

A Xunta Directiva acordou na reunión do pasado día 08 de marzo, que a Comisión Xestora da Asociación “Mariñas – Betanzos” estará composta por: o Presidente; un Representante da Mesa Sectorial do Medio Ambiente (Roxin Roxal); un representante da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña) e un representante das administracións locais (Concello de Cambre).

A Xunta Directiva comproba que este proxecto de cooperación concorda coa estratexia do Grupo, ó mesmo tempo ratifícase a decisión da Presidencia de participar neste proxecto, aceptando as normas reguladoras e nomeando ó Presidente como representante para a súa execución.

TAMÉN TEMOS SIDO CONVIDADOS A PARTICIPAR NOS SEGUINTE PROXECTOS DE COOPERACIÓN:

4.2. PROXECTO “BROTOS VERDES”

OBJETIVO GENERAL: Identificar y ensayar cultivos tradicionales y nuevas producciones de interés que puedan generar empleo agrario, conectando estas producciones con los mercados objetivo.

OBJETIVOS ESPECÍFICOS:

- Identificar producciones vegetales tradicionales y nuevos cultivos con potencial en cada territorio en función de sus propiedades nutricionales, terapéuticas, cosméticas o textiles.
- Identificar en cada territorio una “bolsa” de tierras ociosas, susceptibles de ponerse en producción.
- Identificar en cada territorio mujeres, jóvenes, desempleados y colectivos en riesgo de exclusión interesados en incorporarse a la actividad agraria.

- Formular y aplicar metodologías integradas de trabajo entre propietarios de tierras, agricultores, nuevos activos agrarios, investigadores, transformadores, comercializadores agrarios y Grupos de Desarrollo Rural, capaces de acompañar procesos de innovación y desarrollo agrario.
- Animar, dinamizar y apoyar nuevas producciones agrícolas, impulsando su comercialización, con los colectivos antes mencionados.
- Mejorar la información y la formación de la población sobre las posibilidades de los cultivos tradicionales y otras producciones de especial interés, favoreciendo su incorporación a la actividad agraria.
- Mejorar la transferencia de conocimientos y tecnologías a los productores desde los centros de investigación.
- Incorporar activos al campo.
- Formular y aplicar metodologías de trabajo integradas, entre productores, investigadores, transformadores y/o comercializadores.
- Mejorar la información y la formación de la población sobre las posibilidades de los cultivos tradicionales y otras producciones de especial interés.
- Mejorar la transferencia de conocimientos y tecnologías a los productores.

A Xunta Directiva comproba que este proxecto de cooperación concorda coa estratexia do Grupo, ó mesmo tempo ratifícase a decisión da Presidencia de participar neste proxecto, aceptando as normas reguladoras e nomeando ó Presidente como representante para a súa execución.

4.3. PROXECTO “SALIO”

OBJETIVOS GENERALES Y ESPECÍFICOS:

OBJETIVO GENERAL:

El objetivo fundamental de este proyecto es el de proteger y poner en valor un recurso tradicional del medio rural, como es el salmón, con una serie de actuaciones orientadas a concienciar a la población de la importancia del salmón en su patrimonio y la economía local, y generar oportunidades de empleo en torno a ese recurso.

OBJETIVOS ESPECÍFICOS:

1. Diversificar las actividades asociadas al salmón.
2. Fomentar una pesca racional y sostenible de la especie, especialmente entre los colectivos menos habituales en la práctica de la actividad, con especial incidencia en el colectivo femenino.
3. Desarrollar productos y servicios complementarios asociados a actividades vinculadas con el salmón
4. Potenciar la imagen positiva del salmón como elemento singular de los territorios en los que está presente y como indicador ambiental.
5. Facilitar e impulsar la generación de iniciativas empresariales ligadas a este recurso.

A Xunta Directiva comproba que este proxecto de cooperación concorda coa estratexia do Grupo, ó mesmo tempo ratifícase a decisión da Presidencia de participar neste proxecto, aceptando as normas reguladoras e nomeando ó Presidente como representante para a súa execución.

4.4. PROXECTO “OBSERVATORIO RURAL DE EMPLEO”

Objetivo General:

Diseñar y desarrollar una estrategia de comunicación que dinamice el mercado laboral en el medio rural, dirigida tanto a demandantes de empleo, empresarios/as, emprendedores/as, como a la población en general fomentando una cultura emprendedora.

Objetivos Específicos

1. Descubrir las potencialidades y necesidades de cada territorio para elaborar líneas estratégicas de empleo y formación que favorezca el asentamiento de la población y la calidad de vida de los habitantes del medio rural
2. Información, orientación y formación en materia de empleo, autoempleo, ayudas y subvenciones, legislación, etc. y vincular y orientar la oferta formativa.
3. Difundir, canalizar y fomentar las acciones para dar a conocer el proyecto y compartir experiencias.
4. Coordinación con otras entidades y agentes de los territorios en materia de empleo y autoempleo.
5. Creación de un Observatorio Rural de Empleo para toma de decisiones.
6. Puesta en marcha un Portal de Empleo.

A Xunta Directiva comproba que este proxecto de cooperación concorda coa estratexia do Grupo, ó mesmo tempo ratifícase a decisión da Presidencia de participar neste proxecto, aceptando as normas reguladoras e nomeando ó Presidente como representante para a súa execución.

4.5. PROXECTO “TEJIENDO REDES”

Objetivo General: Favorecer la participación y el empoderamiento de la población de territorios rurales españoles, latinoamericanos y de otros países del mundo mediante el crecimiento y la dinamización de la Red de Cooperación "Tejiendo Redes" y el diseño y aplicación de estrategias y metodologías de trabajo orientadas al desarrollo rural sostenible con enfoque participativo y territorial así como el codesarrollo.

Objetivos específicos:

1. Transferir la metodología Leader a América Latina.
2. Debatir y diseñar juntos el nuevo paradigma de desarrollo rural para el siglo XXI. A partir de encuentros generales y formativos.
3. Gestionar el conocimiento generado mediante la sistematización de las experiencias, el diseño de una red de comunicación eficiente entre los grupos cooperantes y la definición de estrategias comunes de trabajo en temas de interés para el desarrollo rural ya identificados : Equidad de género / Energías renovables / Soberanía alimentaria (biodiversidad y semillas locales)...
4. Visibilizar el mundo rural (resaltando especialmente el papel que las mujeres desempeñan en este contexto). A través de un servicio de comunicación externa para transmitir los contenidos del proyecto a la población en general, instituciones, empresas y todo tipo de organizaciones públicas y privadas.
5. Promover la creación y/o consolidación de mesas de trabajo para la cooperación en los diferentes territorios de los GALs españoles participantes.

A Xunta Directiva comproba que este proxecto de cooperación concorda coa estratexia do Grupo, ó mesmo tempo ratifícase a decisión da Presidencia de participar neste proxecto, aceptando as normas reguladoras e nomeando ó Presidente como representante para a súa execución.

5.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER

5.1. PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

5.1.1. CREACIÓN EMPRESA INTEGRAL DE TURISMO E SERVIZOS DE OCIO (CULLEREDO)

Con data 29 de maio de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada pola entidade Mundocio, Eventos&Entretenemento, S.L. O proxecto de carácter produtivo consiste na creación dunha empresa co obxecto de xestionar calquera evento ou actividade de ocio e tempo libre, facendo fincapé na calidade do produto que se ofrece e a atención ó cliente e actividades turísticas.

Obxectivos: servizos de calidade e personalizado; ampliar as posibilidades de ocio dos establecementos hostaleiros; ofertar unha proposta integral de entretemento e actividades deportivas, culturais e de tempo libre para centros educativos; actuar de intermediarios entre a oferta e a demanda do turismo (activo, cultural, gastronómico, rural, saúde, de aventura....); organizar eventos e outros servizos de ocio para empresas de ocio e cidadáns.

Os servizos que se prestarán serán: animación infantil; entretemento adultos; actividades para empresas (servizos de entretemento dos traballadores nas empresas e do turismo nos hoteis); turismo e aventura; actividades deportivas e tempo libre nas escolas, campamentos, centros da terceira idade, culturais.

Este proxecto se pode considerar innovador pola amplitude de servizos de ocio que ofrece, tratando de levar a cabo unha actividade de ocio e entretemento que na actualidade ten pouca presenza no territorio. Fomenta a transmisión cultural e artística a través da práctica dos xogos populares e tradicionais galegos. Tamén ofrece paquetes globais ós centros educativos, organizando actividades extraescolares, viaxes culturais e de entretementos, actividades no medio rural e actividades de animación infantil.

Con esta iniciativa se creará o emprego do Administrador da entidade, pretendendo a partir do ano 2010 contar con outra persoa de maneira constante que actuará de colaborador, levando as actuacións de forma conxunta. Os investimentos aceptados son 169.673,45 euros que irán dirixidos:

Os investimentos aceptados son:

Obra civil: 9.150,00.-€

Equipamento e mobiliario (10 inflables, 1 toro, 3 equipos de son e iluminación, 2 equipos de efectos especiais, dúas máquinas de espuma, 2 software karaoke, 2 discos duros, rótulo, placa e rotulación local,

furgonetas e paneis, remolque, elaboración dunha web, equipamento de oficina, material audiovisual, elementos de transporte como carretillas e transpalés, seis extintores, e catro biombos): **114.087,95.-€**

Equipos de transporte: 43.775,54.-€

Taxas e licenzas: 1.459,96.-€

Custo elaboración proxecto: 1.200,00.-€

Con data 10 de marzo de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 42 puntos, correspondéndolle un 31% de axuda, resultando un importe de 52.598,77.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 169.673,45.-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que contribúe a ampliar as posibilidades de ocio dos establecementos hostaleiros da comarca, así como a oferta de ocio e tempo libre, facendo fincapé na calidade do produto que se ofrece e a atención ó cliente e actividades turísticas, ademais de crear o emprego do administrador da entidade. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

5.2. PROXECTOS PRESENTADOS EN ESTUDIO PROGRAMA LEADER 2007-2013:

5.2.1. MEDIDA 411: DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL

5.2.1.1. Estudo do potencial das variedades Branco Lexítimo e Agudelo (Vitis Vinifera L.) na zona vitícola de Betanzos e Comarca das Mariñas:

Con data 26 de febreiro de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda para a realización dun estudio do “Potencial das variedades Branco Lexítimo e Agudelo (vitis vinifera L.) na zona vitícola de Betanzos e Comarca das Mariñas”. (Nº expediente: L10-41100-29-0031)

A entidade solicitante, Fundación Juana de Vega é unha entidade non lucrativa, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia. Ten experiencia na organización de proxectos con diferentes institucións implicadas como por exemplo o proxecto de investigación que financia para o estudo das variables que inciden na mellora da calidade do Kiwi producido en Galicia e na que participan diversos kiwicultores, empresas comercializadoras e a Estación de Fitopatolóxica do Areeiro da Deputación de Pontevedra. Tamén ten participado na organización de actividades vinculadas á formación como cursos de postgrao en colaboración coa Universidade da Coruña e de Santiago de Compostela, etc.

A iniciativa de carácter produtivo consiste en levar a cabo un estudio consistente en eseguir o manexo das videiras de Branco Lexítimo e Agudelo e sacar conclusións sobre o seu potencial: poda, aplicación de tratamentos fitosanitarios, control da maduración durante todo o ciclo vexetativo, vendima, elaboración da uva, análise dos mostos, catas, etc., todo elo controlado por EVEGA e a Misión Biolóxica de Galicia, co obxectivo fundamental de elaborar viños da maior calidade posible. Ademais, con estes traballos realizados

de caracterización destas variedades, poderá legalizarse no Rexistro de Variedades Comerciais do Ministerio de Medio Rural as castes “Blanco Lexítimo” e “Agudelo”, que actualmente non se poden recoller nas etiquetas dos viños.

A FJV por medio da Asociación de Viticultores xa ten contactado con produtores dispostos a ceder determinadas cepas de vides das castes “Blanco Lexítimo” e “Agudelo”, e ten chegado a acordos individuais con cada un deles para a cesión das cepas.

Neste estudio se pretende que participen as seguintes entidades, con diferentes funcións en cada unha delas dentro do proxecto: Asociación de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca; Misión Biolóxica de Galicia do Centro Superior de Investigacións Científicas (MBG); Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA), Centro de investigación da Xunta de Galicia que forma parte do INGACAL.

Con este proxecto, dinamizaríase a comarca, xa que se conseguiría unha revitalización da zona, xa que a inclusión de ditas variedades nas etiquetas melloraría directamente a situación dos viticultores e adegueiros, dándolles pé a mellorar as instalacións e permitindo deste xeito organizar rutas enoturísticas dándolle un pulo ó comercio, turismo e hostalería da rexión integrante da denominación de orixe “Viño da Terra de Betanzos”.

Con este proxecto non só se persegue o recoñecemento das variedades, tamén se busca a mellora e a optimización no uso dos produtos fitosanitarios por parte dos viticultores, a través de tarefas de concienciación. A FJV aportará o proxecto catro estacións meteorolóxicas que posúe o que facilitaría a consecución deste obxectivo. Os investimentos ascenden aproximadamente a 43.000 euros e irían dirixidos á elaboración do estudio.

Esta iniciativa pode contribuír ademais á conservación dunha paisaxe historicamente viñateira na comarca das Mariñas e Betanzos, que nestes últimos anos estase a perder polo escaso valor das producións e a mala imaxe xeral dos viños de Betanzos e comarca.

Baremación PROXECTO PRODUTIVO: 50 PUNTOS

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

5.2.1.2. Creación granxa cinéctica para coellos de monte (Oza dos Ríos):

Con data 24 de marzo de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda de María Elena Sánchez dun proxecto de carácter produtivo para a creación dunha granxa na parroquia de Santa Cruz de Mondoí (Oza dos Ríos). (Nº expediente: L10-41100-29-0035)

A granxa estaría destinada á crianza de coello autóctono galego, co obxecto de repoboar tecores galegos. Se criaría primeiramente o coello en cautividade para posteriormente pasalo ós parques de adaptación onde estarán en liberdade para que se vaian adaptando ó monte galego.

Os investimentos ascenderían aproximadamente a 65.000 euros e irían dirixidos a licenzas de obra e permisos; proxecto técnico; cercado da finca con rede; bebedeiros e comedeiros, xaulas, instalación eléctrica e auga; depósitos de auga; construción da granxa e parques de adaptación e compra dunha furgoneta.

Se crearía un posto de traballo a ½ xornada.

Baremación PROXECTO PRODUTIVO: 56, 5 PUNTOS

O representante da Asociación Roxin Roxal pide que se aclare o carácter innovador deste proxecto, polo que non dispoñendo da información precisa, se responderá na vindeira reunión.

5.2.2. MEDIDA 413: DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

5.2.2.1. Modernización Camping Aguiar (Bergondo)

Con data 16 de marzo de 2010, ten entrado no rexistro do GDR unha solicitude de axuda para a modernización do camping Aguiar en Bergondo. (Nº expediente: L10-41300-29-0033)

O proxecto consiste na modernización do camping, sito na parroquia de Moruxo (Bergondo), con desenvolvemento de novos servizos relacionados co turismo rural (aluguer de bicicletas, visitas guiadas, etc.). Ademais modernizaríanse os servizos comúns do camping.

Con esta iniciativa de carácter produtivo se crearía o emprego dunha muller. Ademais poñerían en marcha un punto de venda de produtos artesanais do territorio.

Os investimentos ascenden aproximadamente a 50.000 euros e irán dirixidos ós sanitarios do camping e cafetería; saneamento de camiños, licenza de obras, proxecto e dirección de obras, arbolado, compra de bicicletas e iluminación. Teñen pensado utilizar placas solares para quentar a auga.

Baremación PROXECTO PRODUTIVO: 48 PUNTOS

A Xunta Directiva valora positivamente o interese deste proxecto, e que contribuirá a mellorar os servizos turísticos no territorio. O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

5.2.2.2. Modernización industria para melloras medioambientais (Aranga)

Con data 16 de marzo de 2010, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos unha solicitude de axuda para a modernización dunha industria para melloras ambientais, aproveitamento de subprodutos e residuos procedentes do proceso, maior eficiencia e aforro enerxético. (Nº expediente: L10-41300-29-0034)

A entidade Vales Coruña, S.L. especializada na fabricación de portas, é unha das principais empresas do sector e está situada nunha localidade con pouco índice de industrialización (Concello de Aranga). Actualmente ten máis de sesenta traballadores en plantilla.

O proxecto consiste no aproveitamento de subprodutos do proceso para aforro de costes e maior eficiencia enerxética que permita mellorar a estrutura de costes e rentabilidade da empresa e manter unha posición

competitiva no mercado a un nivel de expansión e internacionalización da firma. Coa instalación dos novos equipos mellorárase o rendimento xeral do proceso e se reducirán considerablemente os costes enerxéticos, moi importantes na empresa. Ademais se reutilizarán os residuos xerados no proceso, o que tamén incidirá nunha redución de costes por eliminación destes, construíndo asemesmo a dar saída a un subproduto, e a mellora medioambiental.

Esta iniciativa ascende a 2.900.000.- euros e comprende fundamentalmente a implantación dunha caldeira de gran potencia e rendimento, silos de almacenamento de subprodutos de madeira para alimentación da caldeira, e implantación dun sistema de transporte mediante a instalación dun sistema neumático de transporte dende o triturado ó almacenamento.

Proxecto de carácter produtivo. Se consolidarían os empregos actuais que son 63,87.

Baremación PROXECTO PRODUTIVO: 70 PUNTOS

O representante da Asociación Roxin Roxal pide que se aclare o carácter innovador deste proxecto, polo que non dispoñendo da información precisa, se responderá na vindeira reunión.

5.1.2.3. Reforma de local para ampliar servizos da Cruz Vermella (Betanzos)

Con data 25 de marzo de 2010 ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda para reformar un local, sede da Cruz Vermella Española da Asemblea Comarcal de Betanzos.

Dende a súa constitución, a sede da Asemblea Comarcal de Betanzos carece de sede estable, ocupando espazos que debido as súas características foron quedando inadecuados ás actividades que desenvolven. Na actualidade ocupan un local de titularidade municipal de 60 metros cadrados que albergan oficina, aula de actividades, almacén e aseos. A atención ó público é diaria en horario de mañá e tarde contando cunha educadora social como coordinadora técnica dos programas que se desenvolven e unha administrativa, a tempo parcial, como apoio ás actividades. Tamén realízanse servizos preventivos no departamento de socorros e emerxencias, tendo a ambulancia a súa sede diante da sede. A Asemblea dispón de xeito permanente dunha ambulancia e dun turismo. Para as actividades formativas externas e internas tense que solicitar aulas ó Concello de Betanzos. De igual xeito o local actual serve de sede a Cruz Vermella Xuventude, sección xuvenil da Institución.

O Concello de Betanzos ten cedido gratuitamente o uso dun inmovible á “Cruz Vermella de Betanzos” sito na Avda. de Linares de Rivas, nº3 en Betanzos. Este inmovible necesita dunha mellora para adecualo ás novas actividades que pretende desenvolver a Cruz Vermella.

Este novo local permitiría ampliar a actividades nos seguintes ámbitos: 1) plan de socorros e emerxencias: servizos de transporte sociosanitarios; 2) plan de intervención social: apoio socioeducativo á infancia de colectivos en risco de exclusión, ampliando o número de nenos/as e os horarios de atención; 3) plan de formación: área sanitaria e social. 4) Plan de emprego: espazo de busca activa de emprego para colectivos en risco de exclusión socio-laboral.

Se traballaría con nenos/as de etnia xitana; con persoas maiores con problemas de mobilidade; información integral ó inmigrante que necesiten asesoramento nos ámbitos sociais, xurídicos ou de adaptación ó novo país.

A posibilidade de contar cunha sede social ampla e axeitada permitirá á Cruz Vermella ampliar e modernizar o sistema de atención, incrementando e consolidando a rede de recursos e servizos sociocomunitarios, así como actuar como axente dinamizador, mobilizando recursos e mellorando o acceso ós servizos á poboación máis desfavorecida. Tamén contribuirá a potenciar a conciliación de vida familiar e acceso á formación para os colectivos de mulleres, promovendo o uso das novas tecnoloxías, accións que nestes momentos e coa infraestrutura que dispoñen son inasumibles.

Tamén se reforzaría e aumentaría as actividades da Cruz Vermella a outros concellos: Abegondo, Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Monfero, Oza dos Ríos, Paderne, Sada, Vilarmaior e Vilasantar.

Proxecto de carácter non produtivo, onde os investimentos ascenden aproximadamente a 132.000 euros que irán dirixidos ás obras de reforma e acondicionamento do local, así como á compra de mobiliario.

Baremación PROXECTO NON PRODUTIVO: 64 puntos

A Xunta Directiva pregunta si pode ser elixible en núcleos de máis de 2.000 habitantes, como é o de Betanzos, respostando o Xerente que por estar dentro del Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia si que é elixible. Así mesmo, a Xunta Directiva pide que se aclare o seu carácter innovador e que se demostre o seu encaixe na estratexia.

5.3. EVOLUCIÓN DO GASTO PÚBLICO COMPROMETIDO DO PROGRAMA

ANEXO 2: EVOLUCIÓN DOS FONDOS COMPROMETIDOS NO PROGRAMA LEADER LISTADO COMPROMISOS LEADER (MARZO 2010)					
MEDIDA	TOTAL FONDOS PÚBLICOS	ICES ENVIADOS A AGADER PARA VERIFICACIÓN	IMPORTE AXUDA	IMPORTE COMPROMETIDO (APROBADOS X.D.)	RESTA POR COMPROMETER
411 (PRODUTIVO)	861.813,98				
		L10-41100-28-005 MODERNIZACIÓN SERRADOIRO DE MADEIRA – CONST. NAVE	12.886,30		
		TOTAL MEDIDA 411	12.886,30		861.813,98
412 (NON PRODUTIVO)	611.088,02				
		L09-41200-28-001 RESTAURACIÓN DE RÍOS DE LAVAR E MANANCAIS	48.486,40	48.486,40	
		TOTAL MEDIDA 412	48.486,40	48.486,40	481.891,82
413 (PRODUTIVO)	1.703.828,73				
		L09-41300-28-002 PAPELERIA E SERVIZOS DE FOTOCOPIADORA EN OZA DOS RÍOS	13.371,35	13.371,35	
		L09-41300-28-003 AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DE EMPRESA DE SERVIZOS NO MEDIO RURAL (CAMBRE)	18.155,17		
		L09-41300-28-004 CREACIÓN EMPRESA INTEGRAL DE TURISMO E SERVIZOS DE OCIO	61.740,73		
		L09-41300-28-0013 ZONA DE OCIO RECREATIVA E DE OCIO NATURAL NO MARTINETE (BETANZOS)	200.000,00	200.000,00	
		L09-41300-28-0017 NOVA ESCOLA INFANTIL NA LAGOA (CONCELLO DE OLEIROS)	156.320,82		
		L09-41300-28-0018 AMPLIACIÓN E MOD. DE EMPRESA DE SERVIZOS NO SECTOR FORESTAL (OLEIROS)	20.887,97		
648.486,28		TOTAL MEDIDA 413 (PROD.)	470.456,04	213.371,35	1.480.266,38
413 (NON PRODUTIVO)	340.725,36				
		L09-41300-28-009 AMPLIACIÓN REFUXO DE ANIMAIS	137.380,75		
		L09-41300-28-0018 AULA DE INFORMÁTICA NO CENTRO CLUBAL DE CAMBÁR (ARANGA)	79.329,27	79.329,27	
		L09-41300-28-0022 DETECCIÓN DE NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS... (ASOCIACIÓN TERRA DAS MARINAS)	66.120,00		
		TOTAL MEDIDA 413 (NON PROD.)	282.830,02	79.329,27	281.398,05

1

6. ROGOS E PREGUNTAS

1) O Xerente do Programa LEADER informe que neste mesmo día pola mañá, se ten transmitido nunha reunión entre AGADER e os Grupos de Desenvolvemento Rural Galegos, que a anualidade do ano 2009 do cadro financeiro para promover proxectos, ó non terse “pagado” ós promotores nesa anualidade, e debido a Lei de Orzamentos aprobada para o ano 2010, eses fondos non se incorporarían ó ano seguinte, senon que se teñen perdido. No caso concreto de Mariñas – Betanzos, isto supón unha merma de 600.000 euros.

Isto afecta tamén ós gastos de funcionamento dos Grupos (persoal, etc.), que non foran pagados por AGADER nese ano 2009, serán imputados no ano 2010. No caso de Mariñas – Betanzos, isto representa uns 25.000 euros, que terán que detraerse da anualidade do ano 2010 e obrigará a readaptar o orzamento previsto para este ano.

2) O Presidente informa que se ten reunido a Asociación Galega de Grupos de Desenvolvemento Rural para dar conta da evolución das tarefas desenvolvidas, así como planificar este ano 2010. Non habendo sido tomado ningún acordo, e tendo prevista outra reunión a primeiros do mes de maio. Non se ten incluído este punto na orde do día.

3) José Francisco Castro, representante da Asociación Roxín Roxal,, e máis Fernando Bandín, representante da Asociación Rabo do Galo, queren transmitir o desacordo das súas asociacións nas obras previstas no Concello de Betanzos dentro do Programa Mandeo, opinando que poñen en perigo e agreden unha zona húmida, e que sería desexable buscar alternativas a ese trazado previsto pola beira do río Mandeo.

O representante do Concello de Betanzos, manifesta que o proxecto foi elaborado por técnicos competentes, co visto bo da Universidade da Coruña, debendo prever que cumprirán coa lexislación vixente. Ofrécese a falar deste tema con máis detalle.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 20.10 horas.

En Bergondo, a 12 de abril de 2010

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes